

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

A materia de **Investigación e Tratamento da Información** trata os contidos relacionados coa procura e o tratamento de información para que todas as alumnas e todos os alumnos desenvolvan habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo, cun mínimo de eficacia.

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro desde o momento en que esta, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, se constitúe como ferramenta esencial para o desenvolvemento de competencias clave ás que contribúe esta materia.